

A súa proximidade ao centro urbano durante todo o traxecto permite acceder á ruta case desde calquera punto e deixala tamén en calquera momento.

Para facer a ruta máis curta, recoméndase a Senda 05. Río Sar > Muíño de Parceiros.

Proponse o seu inicio na **Colexiata Santa María a Real do Sar** (século XII) que é, xunto coa Catedral, a igrexa que mellor conserva a súa primitiva fábrica románica. Desde aí dirixímonos á **e**, sen cruzar a ponte, debemos virar á dereita para iniciar o camiño descendente, paralelo ao río (que nos queda a man esquerda).

Ao finalizar o muro de pedra, na bifurcación, debemos seguir a senda da dereita, que segue en liña recta até chegar á **Fonte das Brañas de Sar** e desde aí continúa ata as **hortas urbanas municipais**. Continuando por debaixo da rotonda da Ponte Pedriña entramos no **Parque Eugenio Granell**, e a senda segue paralela ao río até chegar ao **Muíño de Parceiros**. Desde aí, o camiño continúa de fronte, chegando á **Fonte e Lavadoiro de Pereda de Abaixo**, que marca a entrada a un túnel baixo a vía do tren, no que atopamos a indicación para chegar ao Carballo de Conxo. Ao outro lado do túnel, a senda segue a pista asfaltada e tras pasar entre as casas convértese nun paso moi estreito entre dous valados. Ao chegar á pista asfaltada, debemos virar á esquerda e descender cara á ponte sobre o río, onde se atopa a entrada ao **Bosque do Banquete de Conxo**. Aí, outro sinal condúcenos ao **Carballo de Conxo**, Mellor Árbore Española 2022, de 250 anos de antigüidade, e máis adiante atopamos o mural do **Banquete de Conxo**, en referencia a un convite que reuniu, na mesma mesa, estudantes universitarios, obreiros e artesáns o 2 de marzo de 1856 para reivindicar a igualdade, considerado un dos acontecementos fundacionais do galeguismo.

A senda continúa cruzando o muro de pedra e segue o curso do río, ao que acompaña até chegar á **Ponte do Monte**, onde cruza a ponte e xira á esquerda para chegar, despois de 100 m, á ferverza de Conxo. Para regresar de novo á zona do Banquete de Conxo, basta con seguir o camiño de fronte e, unha vez na pista asfaltada, volver pola rúa Suarribas, virando á dereita polo estreito pasadizo entre as fincas.

A senda segue até o muíño de Parceiros e percorre a **Carballeira do Paxonal** e o Parque Eugenio Granell, quedando agora o río a man esquerda. Ao chegar á escultura de **José Martí** (que se atopa preto da cafetería de madeira), a senda cruza a ponte para alcanzar de novo o camiño que pasa baixo a rotonda da Ponte Pedriña. Á altura das hortas urbanas municipais, a senda vira á dereita, cruza sobre o río e continúa polo carreiro de Picaños uns 550 m até chegar a unhas casas, onde xira á esquerda ata chegar ao muro de pedra que nos conduce de novo á **Ponte do Sar**. Unha vez na ponte, se viramos á esquerda atopamos de novo a **Colexiata Santa María a Real do Sar**, e se queremos prolongar un pouco máis o paseo, podemos cruzar de fronte e continuar uns 900 m máis (só ida) para chegar ao final desta senda fluvial, na piscina municipal.



## sendas próximas

- 05. Río Sar > Muíño de Parceiros
- 07. Bosque de Galicia > Cidade da Cultura > Parque do Lago
- 08. Monte Viso [Senda Mitolóxica]



## ten en conta



> Roupa e calzado apropiados para camiñar e adaptados á meteoroloxía e condicións do sendeiro.



> As sendas fluviais adoitan ser moi húmidas, e máis tras días de choiva, en que poden aparecer zonas encharcadas ou esvaradias.



> Mantén limpa a contorna e respecta a biodiversidade.

> Axúdanos a mellorar. Agradecemos os teus comentarios, suxestións ou avisos sobre o estado da senda en [sendas@santiagoturismo.com](mailto:sendas@santiagoturismo.com)



co apoio de



ruta circular



público familiar



apto bicis



parcialmente sinalizada



SAN 06

santiago natural

# sendas

de Santiago de Compostela

## Río Sar > Bosque do Banquete de Conxo




distancia:  
7,4 km


duración 2,30 h  
dificultade baixa





\*Fotos: Turismo de Santiago



-  Bosque / Zona verde
-  Miradoiro
-  Parque / Área recreativa / Zona infantil
-  Zona de Restauración
-  Ponte
-  Parada de autobús
-  Punto de interese
-  Aparcamiento